

Para a sinatura do Pacto de vinculacións temporais, unha das nosas esixencias era que o SERGAS ofertase cursos de Operador de instalacións radiactivas para as/os aspirantes das listas de contratación e o persoal fixo do SERGAS.

Un ano despois, o SERGAS, a través da Axencia de Coñecemento en Saúde, convoca a primeira edición do curso de **OPERADOR DE INSTALACIÓNS RADIATIVAS: CAMPO DE APLICACIÓN MEDICINA NUCLEAR.**

Está aberto o prazo de inscrición no curso **ata o próximo 13 de outubro de 2017.**

Lugar de celebración: Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela

Datas: días 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15, 16, 17 e 20 de novembro de 2017

- 38 horas (24 teóricas + 16 prácticas).
- Exame final 24 de novembro de 2017 (2 horas)

Horario: Tardes 16:30 - 20:30 horas

Prazas: 20

Destinatarios: enfermeiro/a e técnicos superiores en imaxe para o diagnóstico clínico.

- Resérvanse o 50% das prazas ofertadas para persoal da listaxe de selección temporal.

Para máis información do curso, [preme aquí](#).